

## **ADMISIÓN DE ALUMNOS PARA O CURSO 2016/17**

*ORDE do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

- Do **1 ao 15 de febreiro**, **reserva de praza** dos alumnos de 6º de E Infantil da EEI de Gontade, que está adscrita ao noso centro. Os alumnos de 6º de primaria poderán reservar praza no IES ISIDRO PARGA PONDAL, ao que estamos adscritos. Cumprimentarase o ANEXO I, da *Orde do 12 de marzo de 2013*.
- Do **1 ao 29 de marzo**, ambos incluídos, presentarase a **SOLICITUDE DE ADMISIÓN** para aqueles alumnos que se escolaricen por primeira vez no noso centro. Debe cumprimentarse o ANEXO II, segundo a mencionada *Orde do 12 de marzo de 2013*, copia do libro de familia/ DNI.
- Do **1 ao 14 de abril**. No caso de que o número de solicitudes sexa superior á oferta de prazas do centro, ábrese un prazo de dez días hábiles (contados a partir dos 2 días seguintes de rematar o prazo de entrega das solicitudes de admisión) para presentar a documentación xustificativa dos criterios de baremo: padrón, certificados...
- As **listaxes provisionais** dos alumnos admitidos e non admitidos serán publicadas antes do **25 de abril**. Poderase presentar reclamación no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación. **Publicarémolas o venres 22 de abril**.
- As **listaxes definitivas** de alumnos admitidos e non admitidos publicaranse antes do **15 de maio**. Estas listaxes permanecerán expostas no taboleiro de anuncios e na páxina web do centro ata o día de inicio do novo curso escolar. **Publicarémolas o venres 13 de maio**. Se quere reclamar ante a Xefatura Territorial, ten de prazo un mes.
- Formalización da matrícula: **do 20 ao 30 de xuño**. (ANEXO III)